

Proceso selectivo para o ingreso, pola modalidade específica do persoal laboral fixo, no corpo de xestión da Administración xeral e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Comunidade autónoma de Galicia, subgrupo A2.

Proba tipo test

MODELO A

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. Segundo o artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as entidades de dereito privado dependentes das administracións públicas quedarán suxeitas ao disposto nesta lei:

- a) Só cando exerzan potestades administrativas.
- b) Cando as normas desta lei se refiran especificamente a estas e, en todo caso, cando exerzan potestades administrativas.
- c) Cando as normas desta lei se refiran especificamente a estas, pero non cando exerzan potestades administrativas.
- d) Supletoriamente en todo caso e cando as súas competencias se deleguen por unha Administración Pública territorial.

2. Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a representación dos interesados con capacidade de obrar presumirase para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Presentar declaracións responsables.
- c) Os actos e xestións de mero trámite.
- d) Interpoñer recursos.

3. Segundo o artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar:

- a) A autenticidade do consentimento e a veracidade do documento asinado.
- b) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, aínda que non acredite a integridade e a inalterabilidade do documento.
- c) A autenticidade da expresión da súa vontade ou a integridade.
- d) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

4. Segundo o artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos para resolver e notificar do procedemento administrativo:

- a) Cabe recurso de reposición.
- b) Cabe recurso de alzada.
- c) Non caberá recurso ningún.
- d) Solo cabe recurso de revisión.

5. Segundo o artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados de oficio nos que a Administración exercite potestades sancionadoras, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa:

- a) Producirá a desestimación por silencio administrativo.
- b) Producirá a caducidade.
- c) Producirá a prescripción.
- d) Producirá o desistimento.

6. Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos expresados en horas, a efectos de cómputo de prazos:

- a) Enténdense como hábiles.
- b) Son hábiles, entendéndose estas como o tramo comprendido entre as 08:00 e as 15:00 dun día hábil.
- c) Enténdense como laborais.
- d) Son laborais, entendéndose estas como o tramo comprendido entre as 08:00 e 15:00 dun día laborable.

7. Dentro da regulación da eficacia dos actos, o artigo 37 da Lei 39/2015 dispón que:

- a) As resolucións administrativas de carácter xeral non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter particular, salvo que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- b) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, salvo que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- c) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, aínda que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- d) As resolucións regulamentarias de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter legal, aínda que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.

8. Segundo o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de iniciación do procedemento que confirma, modifica ou levanta unha medida provisional deberá efectuarse:

- a) Dentro dos quinze días seguintes á súa adopción.
- b) Dentro dos vinte días seguintes á súa adopción.
- c) Dentro dos trinta días seguintes á súa adopción.
- d) Dentro dos dez días seguintes á súa adopción.

9. Segundo o artigo 63 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o infractor persista de forma continuada na comisión de feitos ou condutas tipificadas como infraccións:

- a) Non se poderán iniciar novos procedementos de carácter sancionador en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter firme.
- b) Non se poderán resolver novos procedementos de carácter sancionador en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.
- c) Non se poderán recorrer outros procedementos de carácter sancionador en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.
- d) Non se poderán iniciar novos procedementos de carácter sancionador en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.

10. Segundo o artigo 65 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no inicio de oficio dos procedementos de responsabilidade patrimonial, que prazo se lles concederá no acordo de iniciación do procedemento aos particulares presuntamente lesionados para que acheguen cantas alegacións, documentos ou información estimen conveniente ao seu dereito

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Vinte días.
- d) Cinco días.

11. Segundo o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante canto tempo se compromete o interesado a manter o cumprimento das obrigacións manifestadas na declaración responsable?:

- a) Durante o exercicio do dereito inherente ao tempo da presentación.
- b) Durante 6 anos.
- c) Durante 6 meses.
- d) Durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento.

12. Segundo o artigo 72 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación coa concentración de trámites, como debe actuarse cando se soliciten trámites que deban ser cumpridos por outros órganos:

- a) Nestes casos, na comunicación cursada para o efecto deberán consignarse todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- b) Nestes casos, na comunicación cursada para o efecto deberá consignarse o prazo legal establecido para o efecto.
- c) Nestes casos, na comunicación cursada para o efecto poderá consignarse a acumulación rigorosa de expedientes de homoxénea natureza.
- d) Na comunicación cursada para o efecto deberán consignarse todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo, así como o prazo legal establecido para o efecto.

13. De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñerán fin ao procedemento (sinale a resposta correcta):

- a) A renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia estea prohibida polo ordenamento xurídico.

- b) A desistencia.
- c) A declaración de prescripción.
- d) A imposibilidade inmaterial de continuo por causas sobrevidas.

14. O artigo 78 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, regula a práctica da proba e dispón que a Administración lles comunicará aos interesados o inicio das actuacións necesarias para a realización das probas que fosen admitidas:

- a) Coa antelación que se estableza regulamentariamente.
- b) Con 48 horas de antelación.
- c) Cun mínimo de 3 días de antelación.
- d) Con antelación suficiente.

15. En relación coa terminación convencional, o artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os acordos, pactos, convenios ou contratos que celebren as administracións públicas deberán establecer como contido mínimo (sinale a resposta incorrecta):

- a) O ámbito persoal, funcional e territorial.
- b) O prazo de vixencia.
- c) As causas da súa resolución.
- d) Identificación das partes que interveñen.

16. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na tramitación simplificada do procedemento, o trámite de audiencia darase:

- a) En todo caso.
- b) Unicamente cando a resolución vaia ser favorable para o interesado.

- c) Unicamente cando a resolución vaia ser favorable para o interesado por declaración de caducidade do procedemento.
- d) Unicamente cando a resolución vaia ser desfavorable para o interesado.

17. Segundo o artigo 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a declaración previa de lesividade para o interese público permítelles ás administracións públicas:

- a) Impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa os actos favorables para os interesados que sexan nulos de pleno dereito.
- b) Impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa os actos favorables para os interesados que sexan anulables.
- c) Impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa os actos favorables para os interesados que sexan constitutivos de infracción penal.
- d) Impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa os actos desfavorables para os interesados que sexan anulables.

18. Segundo o artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as facultades de revisión establecidas nesta lei non poderán ser exercidas cando polo tempo transcorrido o seu exercicio resulte contrario:

- a) Á eficacia.
- b) Á boa fe.
- c) Ao costume.
- d) Á orde xurídica.

19. Segundo o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as universidades públicas:

- a) Rexeranse en exclusiva polas previsións da presente lei.

- b) Rexeranse pola súa normativa específica, e están exceptuadas de aplicación das previsións da presente lei.
- c) Rexeranse pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións da presente lei.
- d) Rexeranse por esta lei cando exerzan potestades administrativas.

20. Segundo o artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o incumprimento das instrucións ou ordes de servizo:

- a) Non afecta por si só a validez dos actos ditados polos órganos administrativos, e tampouco implica responsabilidade disciplinaria.
- b) Non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que se poida incorrer.
- c) Afecta á validez dos actos ditados polos órganos administrativos e determina a responsabilidade disciplinaria que se deriva deste.
- d) As instrucións e ordes de servizo permiten aos órganos administrativos dirixir a actividade dos seus órganos dependentes, sen que sexa necesario, en ningún caso a súa publicación, polo que o seu incumprimento non deriva en responsabilidade disciplinaria.

21. O artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público recolle que en ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas:

- a) Á elaboración de actos administrativos.
- b) Á resolución de recursos nos órganos administrativos que ditasen os actos obxecto de recurso.
- c) Ás materias en que así se determine por norma regulamentaria.
- d) A adopción de disposicións de carácter particular.

22. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución do órgano colexiado, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos:

- a) Requirirase da asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e a metade dos seus membros ou, se é o caso, de quen os supla.
- b) Requirirase da asistencia presencial do presidente e do secretario e, presencial ou a distancia, de todos os seus membros.
- c) Requirirase da asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- d) Requirirase sempre da asistencia, presencial, do presidente e secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros.

23. De conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as responsabilidades administrativas que se deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa esixencia ao infractor da:

- a) Indemnización polo lucro cesante.
- b) Reposición da situación alterada ao seu estado orixinario ou a indemnización polos danos e perdas causados.
- c) Só coa indemnización polos danos causados.
- d) Reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e perdas causados.

24. Nos supostos de responsabilidade patrimonial, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e sen prexuízo da súa posible actualización, a contía da indemnización calcularase con referencia:

- a) O día en que a lesión efectivamente produciuse, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Centro de Investigacións Sociolóxicas, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada.
- b) A data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade, sen prexuízo da súa actualización ao día en que a lesión efectivamente produciuse con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Centro de Investigacións Sociolóxicas, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada.
- c) O día en que a lesión efectivamente produciuse, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada.
- d) A data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade, sen prexuízo da súa actualización ao día en que a lesión efectivamente produciuse con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada.

25. O artigo 43 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que os sistemas de sinatura electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Poderán referirse, por razóns de seguridade pública, soamente ao número de identificación profesional do empregado público.
- b) Deberán incluír sempre o NIF do empregado público para garantir a identidade do asinante.
- c) Deberán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a Administración ou órgano en que presta os seus servizos.

- d) Poderán referirse, por razóns de seguridade pública, soamente ao documento nacional de identidade e iniciais do empregado público.

26. Os órganos de cooperación previstos no artigo 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (sinale a resposta incorrecta):

- a) Son órganos de composición unicamente bilateral, de ámbito xeral ou especial.
- b) Os órganos de cooperación entre distintas administracións públicas nos que participe a Administración xeral do Estado deberán inscribirse no Rexistro Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación para que resulte válida a súa sesión constitutiva.
- c) Os órganos de cooperación rexeranse polo disposto nesta lei e polas disposicións específicas que lles sexan de aplicación.
- d) Os órganos de cooperación acordan voluntariamente actuacións que melloren o exercicio das competencias que cada Administración Pública ten.

27. O artigo 149 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que lle corresponde ao ministro que presida a conferencia sectorial acordar a convocatoria das reunións por iniciativa propia:

- a) Polo menos dúas veces ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a terceira parte dos seus membros.
- b) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros.
- c) Polo menos unha vez cada tres meses ou cando o soliciten, polo menos, a terceira parte dos seus membros.
- d) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a terceira parte dos seus membros.

28. Cando a proximidade territorial ou a concorrencia de funcións administrativas así o requira, o artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que poderán crearse comisións territoriais de coordinación:

- a) De composición bilateral.
- b) Entre administracións cuxos territorios non sexan coincidentes ou limítrofes.
- c) Para mellorar a coordinación da prestación de servizos.
- d) Para mellorar a eficacia e calidade dos servizos.

29. De acordo co artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cal dos seguintes non é un principio ao que debe axustarse a contratación do sector público:

- a) Liberdade de acceso ás licitacións.
- b) Publicidade e transparencia dos procedementos.
- c) Igualdade de trato entre los licitadores.
- d) Racionalización na contratación.

30. Segundo o artigo 9.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, atópanse excluídas da presente lei:

- a) As autorizacións e concesións sobre bens de dominio público.
- b) Só as autorizacións sobre bens de dominio público.
- c) Só as concesións sobre bens de dominio público.
- d) Todos os contratos de explotación de bens patrimoniais.

31. Segundo o artigo 15.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que tipo de contrato é aquel en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia?::

- a) O contrato de concesión de servizos.
- b) O contrato de obra.
- c) O contrato de servizos.
- d) O contrato de subministración.

32. Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase e conteña en concreto prestacións propias de dous ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos, atenderase ao carácter da prestación principal (artigo 18 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014):

- a) Para a determinación do órgano competente para a súa adxudicación.
- b) Para a determinación das normas que rexerán a súa adxudicación.
- c) Para a determinación de se lle é esixible a clasificación ao contratista.
- d) Para a determinación das normas que rexerán a súa tramitación e resolución.

33. De acordo co sinalado polo artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a duración dos contratos de

arrendamento de bens mobles non poderá exceder, incluíndo as posibles prórrogas que acorde o órgano de contratación, de:

- a) Un ano
- b) Dous anos
- c) Tres anos
- d) Cinco anos

34. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza (artigo 29 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014)

- a) Polo menos con catro meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- b) Polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que o prego estableza un maior.
- c) Polo menos con seis meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- d) Polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

35. A teor do disposto polo artigo 34 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nos contratos do sector público poderán incluírse:

- a) Calquera pacto, cláusula e condición.
- b) Calquera pacto, cláusula e condición que libremente acorden as partes que interveñen no contrato e que cumpra coa normativa aplicable.

- c) Calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.
- d) Calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, á boa fe e aos principios de boa xestión.

36. Sinala o artigo 39 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que, salvo nos supostos de emerxencia, a carencia ou insuficiencia de crédito será:

- a) Unha causa de nulidade de dereito administrativo.
- b) Unha causa de anulabilidade de dereito administrativo.
- c) Unha causa de invalidez de dereito civil.
- d) Unha causa de nulidade de dereito civil.

37. De acordo co artigo 50 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o prazo para a presentación do recurso contra os pregos e demais documentos contractuais, será de:

- a) Dez días hábiles contados desde o día seguinte á remisión da invitación, no caso dos procedementos negociados sen publicidade.
- b) Quince días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste indicouse a forma en que os interesados poden acceder a eles.
- c) Quince días hábiles contados desde o día en que se entregaron os pregos ao recorrente no caso de que os pregos non puidesen ser postos ao dispor por medios electrónicos.

- d) Quince días hábiles contados desde que o interesado puidese acceder ao contido destes a través do perfil de contratante.

38. Para celebrar que tipo de contratos poderán adicionalmente os pregos de cláusulas administrativas particulares esixir que as empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias abran unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil? (artigo 68 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014):

- a) De obras.
- b) De subministración.
- c) De concesión de obras.
- d) De obras y de concesión de obras.

39. Cal das seguintes prohibicións previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se estende tamén aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva, ascendentes e descendentes?:

- a) Estar incurso nalgún dos supostos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- b) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de seguridade social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- c) Ser condenada mediante sentenza firme por delitos contra a facenda pública e a seguridade social.
- d) Solicitar a declaración de concurso.

40. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar estes indicaranse (artigo 74 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014):

- a) No anuncio de información previa.
- b) Nos pregos de cláusulas administrativas xerais.
- c) No anuncio de licitación.
- d) Nos pregos de prescricións técnicas.

41. Segundo o artigo 96 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no ámbito da Administración xeral do Estado, acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público as condicións de aptitude do empresario a inscrición:

- a) No Rexistro Oficial de Licitación Pública.
- b) No Rexistro de Contratos do Sector Público.
- c) No Rexistro Público de Empresas Licitadoras Clasificadas.
- d) No Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

42. De acordo co disposto no artigo 1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no obxecto da lei recóllese:

- a) A regulación do exercicio da potestade regulamentaria.
- b) A regulación do exercicio de poderes da comunidade autónoma.
- c) O impulso da organización da participación da cidadanía nos asuntos públicos.
- d) A regulación do exercicio da potestade legal.

43. De acordo co artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a competencia dos órganos da Administración xeral da comunidade autónoma:

- a) É irrenunciable.
- b) É irrenunciable, salvo nos casos de desconcentración e delegación.
- c) É irrenunciable, salvo nos casos de desconcentración.
- d) É irrenunciable, e será exercida polos órganos que a teñan atribuída como propia, salvo nos casos de delegación ou renuncia, nos termos previstos na lei.

44. En base ao artigo 12 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade:

- a) Por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles.
- b) Polo inferior xerárquico.
- c) Por quen designe a persoa titular da secretaría xeral técnica da consellerías.
- d) Por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles e supón alteración da competencia.

45. En base ao artigo 17 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada órgano colexiado correspóndelles aos seus membros:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de vinte e catro horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.
- b) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.

- c) Absterse nas votacións aqueles que pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas teñan a condición de membros de órganos colexiados.
- d) Atribuírse, en todo caso, as funcións de representación recoñecidas ao órgano colexiado.

46. En base ao artigo 26 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelles ás secretarías xerais:

- a) Representar a consellería por orde do seu titular.
- b) Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da consellería, os programas e actuacións das direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería.
- c) Resolver os recursos interpostos contra as resolucións dos órganos directivos que dependan delas cando non poñan fin á vía administrativa.
- d) Prestar asistencia técnica e administrativa á persoa titular da consellería en cuantos asuntos esta considere conveniente.

47. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, cal dos seguintes suxeitos está obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo (sinale a incorrecta):

- a) Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para calquera tipo de trámite que realicen.
- b) As persoas xurídicas.
- c) O estudantado universitario para os trámites e actuacións que realice motivados pola súa condición académica.
- d) As entidades sen personalidade xurídica.

48. De conformidade co establecido no artigo 12.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoverán as actuacións necesarias para facilitar a relación dixital:

- a) Das persoas de avanzada idade.
- b) Das persoas con discapacidade.
- c) Das vítimas da violencia de xénero.
- d) Das persoas que vivan en zonas rurais.

49. De conformidade co establecido no artigo 18.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a responsabilidade dos contidos postos a dispor da cidadanía na sede electrónica da Xunta de Galicia, e relativos ao ámbito de actuación dun órgano da administración xeral da Comunidade Autónoma, será:

- a) Da secretaría xeral ou secretaría xeral técnica da consellería ou órgano executivo da entidade pública instrumental correspondente.
- b) Do órgano competente en materia de contidos dixitais.
- c) Do gabinete da persoa titular da consellería.
- d) Da persoa titular da consellería.

50. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o sistema único de rexistro estará integrado:

- a) Exclusivamente pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
- b) Exclusivamente pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro e o Rexistro Electrónico Xeral.
- c) Pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, polo Rexistro Electrónico Xeral e polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que se creen consonte ao establecido na Lei 4/2019.

- d) Polo Rexistro Electrónico Xeral e polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que se creen consonte ao establecido na Lei 4/2019, exclusivamente.

51. De conformidade co establecido no artigo 29.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o funcionamento do Rexistro Electrónico Xeral:

- a) Non pode ser interrompido temporalmente.
- b) Pode ser interrompido temporalmente de xeito discrecional pola administración.
- c) Pode ser interrompido temporalmente por motivos xustificados de carácter técnico, o cal se regulará regulamentariamente.
- d) Por lei se regulará a posibilidade de interrupción temporal por motivos xustificados de carácter técnico.

52. De conformidade co establecido no artigo 33.5 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as delegacións e oficinas exteriores autonómicas:

- a) Poderán dispor de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, de acordo coas condicións y requisitos establecidos na presente lei.
- b) Non poderán dispor de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
- c) Poderán dispor de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, de acordo coas condicións e requisitos que se establecen regulamentariamente.
- d) Poderán dispor de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, de acordo coas condicións e requisitos que se establezan legalmente.

53. De conformidade co establecido no artigo 46.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a creación dunha dirección electrónica habilitada para unha persoa non obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración implicará:

- a) Que as notificacións se realizarán preferentemente por correo ordinario.
- b) Que as notificacións se realizarán preferentemente por vía electrónica.
- c) Non se pode crear unha dirección electrónica habilitada para unha persoa non obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración.
- d) Que as notificacións se realizarán sempre por vía electrónica.

54. De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia:

- a) O persoal funcionario de carreira deberá dispoñer doutros sistemas de identificación específicos, como os certificados de persoa física.
- b) O persoal empregado público poderá utilizar os sistemas de identificación nos termos que preveña o propio certificado.
- c) A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán ao seu persoal empregado público, con carácter xeral, dun certificado electrónico recoñecido ou cualificado de empregado público e dun sistema de usuario e contrasinal.
- d) O persoal empregado público poderá ser dotado de sistemas de identificación específicos para o exercicio das súas funcións con exclusión dos certificados de persoa física representante da administración xeral ou entidades públicas instrumentais.

55. Segundo o establecido no artigo 73.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, sobre sistemas de sinatura do persoal empregado público:

- a) Poderán habilitarse outros sistemas de sinatura electrónica cando o certificado electrónico recoñecido ou cualificado non poida utilizarse por cuestións de mobilidade ou por existencia dunha imposibilidade técnica, nos termos que se determinen na presente lei.

- b) O certificado electrónico recoñecido ou cualificado é o único sistema de sinatura electrónica, sen que poida ser substituído por ningún outro sistema.
- c) Cando as funcións desenvolvidas polo persoal empregado público do sector público autonómico esixan mobilidade, este persoal non terá dereito a utilizar ningún tipo de sistema de sinatura electrónica.
- d) Poderán habilitarse outros sistemas de sinatura electrónica cando o certificado electrónico recoñecido ou cualificado non poida utilizarse por cuestións de mobilidade ou por existencia dunha imposibilidade técnica.

56. De conformidade co establecido no artigo 75.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico, baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado, que incluírá:

- a) O número de identificación fiscal pero non a denominación correspondente.
- b) A denominación correspondente pero non o número de identificación fiscal.
- c) O número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos do sector público autonómico.
- d) Só o número de identificación fiscal e a denominación correspondente.

57. Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada, para os funcionarios do grupo A2 en (artigo 7 Lei de 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Un 35 por 100.

- b) Un 40 por 100.
- c) Un 30 por 100.
- d) Un 45 por 100.

58. Establece o artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que:

- a) O persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei non poderá pertencer a máis de dous consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas en ningún caso.
- b) O persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei non poderá pertencer a máis de dous consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas, salvo que se autorice, excepcionalmente, para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da comunidade autónoma ou Pleno da corporación local correspondente.
- c) Se se superan os límites de remuneración establecidos na propia lei para autorizar a compatibilidade de actividades públicas.
- d) O persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei que pertenza a consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas poderá percibir dietas ou indemnizacións que correspondan pola súa asistencia aos mesmos, así como calquera outra cantidade devindicada por outros conceptos derivados da devandita pertenza.

59. Conforme ao sinalado polo artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a resolución motivada na que se recoñeza a compatibilidade ou se declare a incompatibilidade ditarase no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.

- c) Tres meses.
- d) Vinte días hábiles.

60. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sinala a opción incorrecta:

- a) Son persoas con discapacidade aquelas que presentan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.
- b) A acreditación do grao de discapacidade ten valor en todo o territorio nacional.
- c) Para os efectos desta lei, teñen a consideración de persoas con discapacidade aquelas a as que se lles recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.
- d) En todo caso, o goberno estenderá a aplicación das prestacións económicas previstas nesta lei aos españois residentes no estranxeiro.

61. En base ao artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sinala a resposta correcta:

- a) Os plans de prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades contemplarán de modo específico as accións destinadas ás zonas rurais.
- b) Os plans de prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades non incluírán a seguridade e saúde no traballo.
- c) A prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades constitúe un dereito, e non un deber, de todo cidadán e é unha obriga prioritaria do Estado.

- d) Os plans de prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades non incluírán a asistencia xeriátrica.

62. En base ao artigo 18 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a escolarización en centros de educación especial ou unidades substitutorias destes só se levará a cabo cando, excepcionalmente, as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios e tomaranse en consideración:

- a) A opinión dos pais ou titores legais.
- b) Os informes do consello escolar.
- c) Os informes do consello escolar e dos equipos multiprofesionais de atención á discapacidade.
- d) A opinión dos pais, titores legais e equipo docente.

63. De acordo co artigo 23 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a regulación das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que lles garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade corresponde:

- a) Ao Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais.
- b) Ás comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.
- c) Ás comunidades autónomas.
- d) Á Administración xeral do Estado, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais.

64. De acordo co artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os preceptos regulamentarios, as cláusulas dos convenios colectivos, os pactos individuais e as decisións unilaterais do empresario que dean lugar a situacións de discriminación directa ou indirecta desfavorables por razón de discapacidade, nos ámbitos do emprego, en materia de retribucións, xornada e demais condicións de traballo:

- a) Entenderanse nulos e sen efecto.
- b) Terán a consideración de acoso.
- c) Serán admisibles cando sexan proporcionados e necesarios.
- d) Serán anulables.

65. De acordo co artigo 49 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sinale a resposta incorrecta:

- a) Os servizos sociais para persoas con discapacidade e as súas familias só poderán ser prestados polas administracións públicas.
- b) A prestación dos servizos sociais respectará ao máximo a permanencia das persoas con discapacidade no seu medio familiar e contorna xeográfica.
- c) Na prestación dos servizos sociais para persoas con discapacidade terase en conta as barreiras específicas de quen habite en zonas rurais.
- d) Promoverase a participación das persoas con discapacidade nas tarefas comúns de convivencia, dirección e control dos servizos sociais.

66. Conforme ao artigo 54 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, participarán na

preparación, elaboración e adopción das decisións e, se é o caso, das normas e estratexias que lles concirnen:

- a) As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e nenas e as súas familias, directamente e a través das súas organizacións representativas.
- b) As persoas con discapacidade maiores de idade e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.
- c) As persoas con discapacidade, a través das súas organizacións representativas.
- d) As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e nenas e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.

67. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os seus principios reitores atópase:

- a) Principio de transparencia, principio de xerarquía, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico.
- b) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.
- c) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, legalidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.
- d) Principio de transparencia, principio de sustentabilidade, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico.

68. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, non se publicará:

- a) As delegacións de competencias vixentes.

- b) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público
- c) O plan de acción do Goberno
- d) As axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos.

69. De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de contratación pública, facilitarase información sobre:

- a) Datos sobre os contratos subscritos, excluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- b) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- c) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores.
- d) Ningunha resposta é correcta.

70. De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto, respectaranse os principios de:

- a) Gratuidade, accesibilidade, interoperabilidade e reutilización.
- b) Gratuidade, accesibilidade e reutilización.
- c) Gratuidade, accesibilidade e interoperabilidade.
- d) Gratuidade, interoperabilidade e boa fe.

71. Segundo o establecido no artigo 45.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

- a) Durante os tres anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.
- b) Durante os catro anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.
- c) Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.
- d) Durante os cinco anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.

72. Segundo o establecido no artigo 48.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades dos altos cargos:

- a) Denomínase Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia.
- b) Denomínase Oficina de Incompatibilidades da Xunta de Galicia.
- c) Denomínase Organismo de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia.
- d) Denomínase Oficina de Compatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia.

73. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo defínese como:

- a) Discriminación directa.
- b) Acoso moral por razón de xénero.
- c) Discriminación indirecta.
- d) Discriminación sexual.

74. Conforme ao disposto no artigo 50 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase unha porcentaxe das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria de:

- a) 25 %.
- b) 50 %.
- c) 33 %.
- d) 20 %.

75. Conforme ao disposto no artigo 54 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as valoracións técnicas de prazas de funcionarios e funcionarias e/ou de postos de traballadores e traballadoras poderanse encargar:

- a) Ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- b) Ao Consello Galego de Relacións Laborais.

- c) Aos órganos competentes de xestión de recursos humanos da Administración pública galega.
- d) Ao Servizo Público de Emprego.

76. Conforme ao disposto no artigo 58 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sen prexuízo da publicidade adicional que resultase conveniente á finalidade de prevención do acoso sexual, a declaración de principios será publicada:

- a) No taboleiro de anuncios de cada centro de traballo e unidade administrativa.
- b) No Diario Oficial de Galicia.
- c) Na páxina web da consellería.
- d) No Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

77. Conforme ao disposto no artigo 61 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a chantaxe sexual considérase:

- a) Incumprimento moi grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.
- b) Incumprimento grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.
- c) Incumprimento leve do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

78. Segundo o artigo 21 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira está vinculado á Administración pública:

- a) Por unha relación estatutaria.
- b) Por unha relación legal.
- c) Por unha relación administrativa.
- d) Por unha relación contractual.

79. Segundo o recollido no artigo 32 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal eventual poderá ser nomeado no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Só polas persoas integrantes do Consello da Xunta.
- b) Só polas persoas integrantes do Consello da Xunta e polas persoas titulares das entidades públicas instrumentais do sector autonómico.
- c) Só polas persoas integrantes do Consello da Xunta e polas persoas titulares das axencias públicas autonómicas.
- d) Polas persoas integrantes do Consello da Xunta ou polas persoas titulares dos entes públicos autonómicos.

80. O artigo 34 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala que, nas entidades públicas instrumentais a que se refiren a letra c), excluídos os organismos autónomos, e a letra d) do apartado primeiro do artigo 4 desta lei:

- a) Os postos de persoal directivo proveranse entre o persoal funcionario de carreira e o persoal laboral fixo ao servizo das administracións públicas.
- b) Os postos de persoal directivo tamén se poderán prover excepcionalmente con persoas que non teñan a condición de persoal directivo.

- c) Os postos de persoal directivo proveranse entre o persoal funcionario de carreira ao servizo das administracións públicas.
- d) Os postos de persoal directivo tamén se poderán prover reglamentariamente con persoas que teñan a condición de persoal eventual.

81. Con base no artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal laboral fixo pode ser seleccionado:

- a) Polos sistemas de oposición ou concurso-oposición.
- b) Polos sistemas de oposición ou concurso-oposición ou, excepcionalmente, concurso de valoración de méritos.
- c) Polos sistemas de oposición ou concurso-oposición ou concurso.
- d) Por contratación laboral

82. É requisito para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, conforme ao artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) A toma de posesión dentro do prazo de trinta días a partir da publicación do nomeamento.
- b) A toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.
- c) A toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir do día seguinte á publicación do nomeamento.
- d) A toma de posesión dentro do prazo de vinte días a partir da publicación do nomeamento.

83. A prolongación da idade de permanencia no servizo activo recollida no artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o persoal funcionario, concederase, se é o caso:

- a) Polo período restante ata que se cumpra a idade máxima legalmente establecida a solicitude da persoa interesada.
- b) Por períodos dun ano, renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, ata que se cumpra a idade máxima legalmente establecida.
- c) Por períodos de dous anos, renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, ata que se cumpra a idade máxima legalmente establecida.
- d) Por período dun ano, renovable por outro mais a solicitude da persoa interesada.

84. Segundo o recollido no artigo 75 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a promoción interna horizontal consiste:

- a) No ascenso de grao e de categoría profesional, sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente en desenvolvemento dos principios recollidos na sección correspondente da lei.
- b) No acceso a outro corpo ou escala do mesmo subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, conforme ao establecido na sección correspondente da lei.
- c) No ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos nesta lei.
- d) No acceso a outro corpo ou escala de distinto subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo.

85. O artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia recolle que, nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función

pública, excepto en procesos de estabilización e consolidación de emprego temporal, se reservará para o persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo inmediatamente inferior:

- a) Un mínimo dun 25 % das prazas convocadas.
- b) Un 25 % das prazas convocadas.
- c) Ata un 50 % por cento das prazas convocadas.
- d) Un 50 % das prazas convocadas

86. O artigo 83 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia recolle que no deseño e establecemento polas administracións públicas dos sistemas que permitan a avaliación do desempeño de todo o seu persoal:

- a) Serán oídas as xuntas de persoal.
- b) Serán oídas as organizacións sindicais.
- c) Participarán as organizacións sindicais.
- d) Emitirán informe preceptivo as organizacións sindicais.

87. Segundo o literal do artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos concursos para a provisión de postos de traballo:

- a) Non se incluírán os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou por violencia de xénero.
- b) Non se incluírán os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual.
- c) Non se incluírán os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de rehabilitación.

- d) Incluirán os postos de traballo que teñan adscrito personal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual.

88. Para participar nos concursos específicos regulados no artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, é requisito necesario:

- a) Unha antigüidade mínima de dous anos como persoal funcionario de carreira.
- b) Unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario.
- c) Unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.
- d) Unha antigüidade mínima de un ano como persoal funcionario de carreira.

89. Segundo o artigo 95 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a persoa removida que accedese ao seu posto de traballo polo procedemento de libre designación ten dereito a que se lle asigne un posto de traballo:

- a) Mediante o procedemento de adscrición provisional previsto na presente lei.
- b) Mediante o procedemento de adscrición definitiva previsto na presente lei.
- c) Mediante o procedemento de adscrición previsto na presente lei.
- d) Mediante os procedementos de provisión previstos na presente lei.

90. Segundo o artigo 103 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que, como consecuencia dun proceso de reasignación de efectivos, sexa asignado a un posto de traballo con menor complemento retributivo do que correspondía ao último posto que obtivese por concurso terá dereito á percepción dun complemento persoal e

transitorio equivalente á diferenza de retribucións entre ambos os postos, salvo, se é o caso, o complemento de desempeño, ata:

- a) Que transcorra un prazo máximo de tres meses.
- b) Que obteña outro posto de traballo con carácter provisional polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo VI desta lei.
- c) Que obteña outro posto de traballo con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo VI desta lei.
- d) Que participe nun concurso de provisión de postos adecuados ao seu corpo ou escala.

91. Segundo o artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que faga uso do permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar, no caso do falecemento dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade en distinta localidade:

- a) Ten dereito a un permiso de catro días hábiles, dos que poderá facer uso de forma discontinua mentres persista o feito causante e ata o máximo de días establecido.
- b) Ten dereito a un permiso de cinco días hábiles que deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores ao feito que xera o dereito a este.
- c) Ten dereito a un permiso de cinco días hábiles, dos que poderá facer uso de forma discontinua mentres persista o feito causante e ata o máximo de días establecido.
- d) Ten dereito a un permiso de tres días hábiles que deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores ao feito que xera o dereito a este.

92. Segundo o artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi grave, o persoal

funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito ou:

- a) Dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- b) Dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade.
- c) Dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- d) Dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade.

93. Conforme co sinalado no artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de:

- a) Dezaseis semanas.
- b) Vinte semanas.
- c) Vinte e dúas semanas.
- d) Dezaioito semanas.

94. O permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo recollido no artigo 124 da Lei 2/2015, do 29 de abril (sinalar a resposta correcta):

- a) É un permiso do cal se fará uso a partir da data do nacemento, da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.
- b) Figura recollido na lei como permiso por paternidade.
- c) É dependente do uso compartido do permiso por parto ou por adopción ou acollemento.
- d) Non se pode facer uso deste permiso a tempo parcial.

95. Conforme co sinalado no artigo 131 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de hospitalización prolongada por

enfermidade grave ou enfermidade que implique repouso domiciliario do ou da cónxuxe, da parella de feito ou de parentes que convivan co traballador ou coa traballadora:

- a) O persoal terá dereito a unha licenza sen retribución de ata 30 días naturais de duración.
- b) A lei non establece esta licenza.
- c) O persoal funcionario terá dereito a unha licenza sen retribución de ata un mes de duración.
- d) O persoal funcionario terá dereito a unha licenza con retribución de ata un mes de duración.

96. Segundo o recollido no artigo 141 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o pago das retribucións do persoal funcionario en prácticas que está a desenvolver un curso selectivo ou o período de prácticas desempeñando un posto de traballo corresponderalle a:

- a) A Administración pública que convocou o correspondente proceso selectivo.
- b) A Administración pública en que se atope o posto de traballo.
- c) A consellería competente en materia de función pública.
- d) A consellería competente en materia de orzamentos.

97. Segundo o recollido no artigo 146 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o réxime da seguridade social e dereitos pasivos do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico é:

- a) O establecido pola normativa estatal que resulte de aplicación.
- b) O réxime xeral da seguridade social.
- c) O réxime especial de funcionarios.
- d) O establecido pola normativa autonómica que resulte de aplicación.

98. Segundo o recollido no artigo 149.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, están lexitimados para estar presentes nas mesas de negociación, por unha banda, a representación da Administración pública correspondente e, por outra, as organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal, as organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os sindicatos que obtivesen:

- a) O dez por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados e xuntas de persoal, nas unidades electorais comprendidas no ámbito específico da súa constitución.
- b) O cinco por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados, comités de empresa e xuntas de persoal, nas unidades electorais comprendidas no ámbito específico da súa constitución.
- c) O dez por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados, comités de empresa e xuntas de persoal, nas unidades electorais comprendidas no ámbito específico da súa constitución.
- d) O vinte por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados, comités de empresa e xuntas de persoal, nas unidades electorais comprendidas no ámbito específico da súa constitución

99. Segundo o artigo 156 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas unidades electorais onde o número do persoal funcionario sexa igual a 30:

- a) Elixirase un delegado de persoal.
- b) Elixíranse tres delegados de persoal.
- c) Constituíranse xuntas de persoal.
- d) Constituíranse comités de empresa.

100. Cal dos seguintes non está lexitimado para convocar unha reunión, segundo o recollido no artigo 163 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Os delegados de prevención.
- b) Os comités de empresa.
- c) Os empregados públicos das administracións públicas respectivas en número non inferior ao corenta por cento do colectivo convocado.
- d) Todos os anteriores están lexitimados.

PREGUNTAS DE RESERVA

101. Segundo o artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, haberán de publicarse no diario oficial correspondente para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos:

- a) As normas con rango de lei, os regulamentos e todos os actos administrativos.
- b) Só as normas con rango de lei e os regulamentos.
- c) As normas con rango de lei, os regulamentos e as disposicións administrativas.
- d) As normas con rango de lei, os regulamentos, disposicións administrativas e instrucións de servizo.

102. Un dos medios previstos no artigo 88 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 como un dos que se poderá utilizar para acreditar a solvencia técnica do empresario nos contratos de obras será a relación das obras executadas no curso dos:

- a) Cinco últimos anos.
- b) Seis últimos anos.
- c) Tres últimos anos.
- d) Dous últimos anos.

103. O artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que os convenios que deben remitirse electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma, segundo corresponda, dentro dos tres meses seguintes á súa subscrición son:

- a) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.
- b) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 300.000 euros.
- c) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 200.000 euros.
- d) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 400.000 euros.

104. De conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados nun procedemento administrativo teñen os seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):

- a) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.

- c) A formular alegacións, a utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a achegar documentos en calquera fase do procedemento, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- d) A actuar asistidos de asesor cando o consideren conveniente en defensa dos seus intereses.

105. En base ao artigo 31 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os delegados territoriais son competentes no seu ámbito territorial para:

- a) Representar a Xunta.
- b) Resolver os recursos interpostos contra as resolucións das xefaturas territoriais e das entidades do sector público autonómico con ámbito territorial igual ao da delegación.
- c) Establecer as xefaturas territoriais en que se estrutura a delegación territorial.
- d) Celebrar os contratos que correspondan á delegación coa excepción dos contratos menores.

